

# OS CASOS DE VICTORIA

[Justine Triet, 2016]

# 279

ESTREA EN NUMAX: 01.09.2017 | V.O.S.E. | +12

Victoria (2017, 97')

**Dirección:** Justine Triet

**Guión:** Justine Triet

**Elenco:** Laure Calamy, Virginie Efira, Vincent Lacoste,

Emmanuelle Lanfray, Laurent Poitrenaux, Melvil Poupaud

**Son:** Julien Sicart, Olivier Touche, Simon Apostolou

**Montaxe:** Laurent Sénéchal

**Fotografía:** Simon Beaufrils

**Dirección de arte:** Olivier Meidinger

**Vestiario:** Charlotte Vaysse

**Música:** Thibault Deboaisne

**Produtoras:** Ecce Films (Francia)

**Distribuidora:** La Aventura Audiovisual

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés, inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Semaine de la Critique),

Premios César 2017 (5 nominacións),

Premios Magritte 2017

(mellor actriz —Virginie Efira—)

## FILMOGRAFÍA

*La batalla de Solférino*, 2013

*Vilaine fille mauvais garçon*, 2012

[curtametraxe]

*Des ombres dans la maison*, 2010

*Solférino*, 2009

*Sur Place*, 2007 [curtametraxe]

## SINOPSE

Victoria Spick, avogada penalista en pleno baleiro sentimental, acode a unha voda onde se encontra co seu amigo Vicent e Sam, un ex narcotraficante ao que ela ten axudado. Ao día seguinte, Vincent é acusado de intento de asasinato pola súa compañeira. A única testemuña da escena é o can da vítima. Victoria acepta de mala gana defender a Vicent mentres contrata a Sam de asistente persoal. Este é o comezo dunha serie de complicacións para Victoria.

«Triet consegue a mestura milagrosa entre dous mestres da comedia americana: James L. Brooks e Blake Edwards»

Jacky Goldberg, LES INROCKUPTIBLES



## «O reto foi conseguir o equilibrio entre o ritmo e a emoción»

### Entrevista a Justine Triet

**É *Os casos de Victoria* un filme sobre a depresión?** Eu chámoo unha comedia desesperada sobre a caótica vida da muller moderna.

**Por que unha comedia?** Coido que a comedia ofrece un camiño máis agradábel para mostrar as miñas obsesións: as dificultades inherentes nas relacións de homes e mulleres, a soidade, a infancia, a xustiza, o sexo. A comedia dá certa distancia. Quería facer un retrato dunha muller que descubrísemos pouco a pouco, capa a capa. Os seus problemas sexuais acentúanse co resto de preocupacións da súa vida: o xuízo do seu amigo, o acoso do seu ex, etc. Os personaxes revélanse lentamente máis problemáticos e complexos do que podería parecer nun principio. Non é unha película sobre a inocencia ou unha crónica sobre a vida amorosa. É a historia dunha muller complexa que se atopa no medio dunha espiral de emocións encabezadas pola súa vida profesional.

**Cales son as túas referencias? Vénme á cabeza a comedia americana.** Si, absolutamente. Howard Hawks, Billy Wilder e Blake Edwards téñenme

inspirado, mais tamén Sacha Guitry, o seu filme *Désiré* (1937) en particular. Woody Allen tamén, por suposto. Descubríñ hai pouco a James L. Brooks e encantoume. O meu gusto pola comedia foise desenvolvendo ao longo do tempo. Son unha apaixonada das sitcoms como *Silicon Valley* (Mike Judge, 2014) ou a menos respectábel, non sei por que, *Mom* (Eddie Gorodestky, Chuck Lorre, 2013), que mesturan o drama e a comedia á perfección e ensináronnos até onde te podes internar en temas escuros dun xeito cómico.

**O sexo danza sobre o filme en todo momento.** Sempre se fala sobre sexo pero nunca se mostra. A idea do sexo impregna todo. O filme satiriza o amor e o sexo. Vincent ten problemas sexuais coa súa moza, que o acusa de intento de asasinato. David revela a vida sexual de Victoria nun blog. Victoria vai ao psicólogo e ao psiquiatra para que a axuden a revivir a súa vida sexual. E canto o tenta, cada encontro é peor có anterior, ofrecendo escenas de pura comedia. Ao final, o estraño e misterioso obxecto de desexo é a persoa que ficou na privacidade, cauta e case virxinal todo o tempo.

***Os casos de Victoria* é un filme moito máis caro que *La batalla de Solférino*. Como se sente a subida de orzamento? Cales foron as diferenzas no traballo?** A forma de traballar foi completamente diferente. *La batalla de Solférino* (2013) rodouse en 24 días, *Victoria* no dobre. E como non tiñamos que estar pendentes das condicións da rodaxe esta vez podía

facer o que quixera coa imaxe. Cun orzamento menor tiña que facelo todo cámara en man e moito máis rápido. Nesta estaba decidida a ancorar a cámara. En *La batalla de Solférino* os actores eran amigos íntimos meus. N' *Os casos de Victoria* non os coñecía e víame rodeada de xente que realmente o daba todo. Traballamos en estudio e encantoume. Aínda así, continúe a arriscar rodando con nenos e animais. Pero a verdadeira diferenza foi a preparación do texto. *Os casos de Victoria* ten un guión moito máis desenvolvido. Estaba obsesionada co ritmo de cada escena, a miña mente estaba pensando todo o rato na montaxe.

**Como estableceches o ritmo tan específico da comedia? Desde o principio non decae en absoluto.** Estaba concentrada en todo momento no tempo de cada escena, xa que podes perder o ritmo en escenas moi longas. Pedía aos actores que falasen rápido. Por exemplo, Melvil fala considerabelmente máis rápido que na vida real. Mais tiña que conseguir mostrar as emocións tamén. O reto foi conseguir o equilibrio entre o ritmo e a emoción.

**Que che fixo elixir a *Virgine Efira*?** Estaba a buscar unha muller brillante, divertida e melancólica para facer de Victoria. Mais teño que admitir que me namorei dela en canto a vin. Cando nos coñecemos atopeina intensa, intelixente e divertidísima.

Publicada en <http://laaventuraaudiovisual.com/>

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.  
Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

NUMAX